

Expediente:	EXPTE. 110/ 2019
Tipo:	Contrato obras
Asunto:	“Rehabilitación e Reforma dun inmoble para centro interxeracional no concello de Portomarín”.
Procedemento:	Procedemento aberto simplificado mediante criterios avaliados de forma automática
Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado:	82.644,63 euros
Orzamento base de licitación:	100.000,00 euros
Trámite:	INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN XUSTIFICATIVO DA NON UTILIZACIÓN DE PROPOSTAS ELECTRÓNICAS

A Disposición adicional décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/U, de 26 de febreiro de 2014, procede a regular as normas relativas aos medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados na presente lei, sinalando o apartado segundo da mesma que a tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos regulados na presente Lei levará consigo a práctica das notificacións e comunicacións derivadas dos mesmos por medios exclusivamente electrónicos e o apartado terceiro establece que a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na presente disposición adicional, permitindo non obstante unha serie de supostos excepcionais nos que se admite que por parte dos órganos de contratación non se esixa o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas.

A este respecto debe indicarse que o Concello de Portomarín xa ten establecida a tramitación dos expedientes de contratación en formato electrónico incluíndo calquera tipo de comunicación cos licitadores excepto a presentación de ofertas (que está en probas) e a formalización do propio contrato que se seguen facendo por medios non electrónicos.

O Concello de Portomarín optou pola utilización da Plataforma de Contratación do Sector Público dependente da Administración da Comunidade Autónoma, e a mesma está pendente de habilitación tras as probas que deban realizarse, non contando neste momento, por tanto, con medios para realizar a licitación electrónica.

Ante esta situación e tendo en conta que a disposición adicional décimo quinta no seu punto 3º admite excepcionalmente a non presentación en formato electrónico das proposicións entre outros no caso: *“cando debido ao carácter especializado da contratación, o uso de medios electrónicos requiriría de ferramentas, dispositivos ou formatos de arquivo específicos que non estean en xeral dispoñibles ou non aceptan os programas xeralmente dispoñibles”*.

Considerando que o manexo da Plataforma de Contratación do Sector Público require unha preparación, considerase que no momento de tramitación do presente contrato non se conta cos medios adecuados para levar a cabo a licitación por medios electrónicos, a aos efectos

de non causar un menoscabo ao funcionamento normal desta Administración xustifícase co presente informe dito extremo. O anterior, sen prexuízo de que os restantes aspectos do expediente, tal e como establece o artigo 70.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, incluídas todas as restantes comunicacións entre os licitadores e o Concello de Portomarín se leven a cabo por medios electrónicos.

En Portomarín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde